

REALIZACIÓN DE INSCRICIÓN E REMISIÓN DE RESULTADOS

Tempada 2025/26. Circular 25-03.

1. Introducción

As inscricións realizaranse a través do Federatio ou Xesde segundo o organizador estableza na normativa específica da competición.

No caso de tomas de tempos e trofeos será o club organizador o responsable de realizar o correspondente modelo da competición.

A continuación indícanse os procedementos que se deben seguir para a realización de inscricións en competicións, así como para a remisión dos resultados correspondentes á Federación.

2. Inscricións

As inscricións realizaranse a través da aplicación escollida polo organizador (Federatio ou Xesde), remitindo á FEGAN a acta de inscrición que o propio programa xera ao enderezo de correo inscricions@fegan.org dentro do prazo previsto.

Este correo electrónico remitirase á Federación con confirmación de lectura, sendo **responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción**. En caso de dúbida a confirmación poderá facerse telefonicamente.

En ningún caso serán aceptadas novas inscricións, nin modificacións ás xa recibidas con posterioridade ao prazo establecido.

3. Remisión de resultados

3.1. Competicións organizadas polos clubs

Os resultados de todas as competicións remitiranse á FEGAN ao enderezo de correo resultados@fegan.org.

Os resultados serán enviados en formato máquina LENEX así como tamén en PDF cos parciais visibles. Os resultados poderán ser enviados noutro formato previamente pactado entre a FEGAN e o organizador.

Xunto cos resultados enviarase a base de datos da competición: .sqlite para Orcana e .mdb no caso de Meet Manager.

Os ficheiros requiridos enviaranse, comprimidos dentro dun único arquivo en formato ZIP (ou outro se se acorda cos destinatarios).

Para a denominación dos ficheiros PDF coas probas seguirase o sinalado no ANEXO I. En canto á sede de celebración, na web da FEGAN están a disposición na sección «piscinas homologadas» o nome oficial das sedes, o que debe especificarse no programa de resultados. Ex. Riazor

Os resultados deberán remitirse dentro do prazo previsto para cada competición, en calquera caso a documentación deberá estar na FEGAN **como máximo o martes posterior á celebración da competición**.

A ficha técnica da competición deberá remitirse sempre por correo electrónico á FEGAN (resultados@fegan.org). No caso de que se producise algunha incidencia que se reflita na ficha técnica, esta deberá remitirse obrigatoriamente asinada, polo que para ser enviada por correo electrónico ha de ser

asinada, escaneada e anexada ao correo electrónico. Tamén vale a sinatura dixital.

O club que incorra nalgún **atraso** na remisión dos resultados das competicións que organice deberá pagar á federación **60 euros**. No caso de **reincidencia** a devandita cantidade será incrementada a **120 euros** (Regulamento Xeral – Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c).

O club organizador, ou no seu caso a FEGAN, porá a disposición dos clubs participantes (enviando por correo electrónico ou pendurando na súa web en lugar de fácil acceso) o arquivo LENEX e documento PDF ou DOC de cada competición. No caso de Campionatos Galegos organizados pola FEGAN, ou competicións con medallas, publicarase tamén o medalleiro de cada proba.

As follas cubertas polos cronometradores permanecerán depositadas no club organizador ou no seu caso na FEGAN por un período de catro meses, dispoñibles para a súa consulta ante calquera posible reclamación.

3.2. Competicións celebradas fóra de Galicia

Os clubs que participen en competicións fóra de Galicia (a excepción dos Campionatos de España) deberán remitir os resultados á FEGAN en formato LENEX e PDF co obxecto de rexistralos adecuadamente o antes posible, non superando en caso ningún os cinco días seguintes á celebración da competición. Se os resultados e ficheiro LENEX estivesen accesibles a través de internet abundará con comunicar a participación e o enderezo URL onde están ditos ficheiros (LENEX e PDFs cos resultados).

No caso de que os resultados da competición non estean en formato LENEX, será o club o encargado de xerar o ficheiro en formato LENEX. Para elo o club pode usar o Orcana ou calquera outra aplicación que lle permita xerar o ficheiro de resultados en formato LENEX. Ante calquera dúbida contactar co informático da FEGAN.

A Coruña,

4. Anexo I

Suxestións para a remisión de Resultados. O presente documento é unha suxestión para todos os que redactan resultados.

4.1. Formato recomendado para os ficheiros de resultados

Recoméndase o emprego do formato PDF o cal non varía a presentación do contido cando o abrimos desde outra computadora.

4.2. Nomes dos ficheiros

4.2.1. Xeneralidades

Para formar nomes dos ficheiros, empregaremos minúsculas sen acentos e o guión baixo para representar espazos.

Minúsculas: Mellor que os nomes sexan sempre con todas as súas letras en minúsculas.

Sen acentos: non empregar acentos, xa que pode dar lugar a erros, sobre todo cando se descomprimen os arquivos.

Sen espazos: en lugar dos espazos mellor empregar o guión baixo "_".

Sen caracteres estraños: non empregar parénteses, símbolos de primeiro/a, chaves...

4.2.2. Nomes das probas

Para pórle un nome a unha proba suxerimos o seguinte sistema:

orde con dous díxitos_distancia da proba_estilo cun díxito_sexo con tres díxitos_idade se existe.pdf

Orde: a orde será de dous díxitos: 01, 02, 03, 04... isto facilitará que os documentos estean sempre ordenados por orde xa que se comezamos por 1, 2... logo pode pór o 10 antes que o 2.

Distancia: a distancia será o número da distancia total que se debe percorrer: 25, 50, 100, 200, 400, 800, 1500, 3000...

Estilo: o carácter para representar os estilos será: "l" libre, "e" costas (espalda), "b" braza, "m" bolboreta (mariposa) e "s" estilos. A letra que representa o estilo irá pegada á distancia ex. 100s -> 100 metros estilos.

Sexo: o sexo vai a continuación do estilo separado cun guión baixo e indícase poñendo os tres primeiros caracteres: "mas" para masculino e "fem" para feminino.

Categoría: no caso que na competición participen máis dunha categoría será preciso indicalo. Para indicar a categoría farémolo poñéndoa en minúsculas seguindo a seguinte lóxica: "infa" para a categoría infantil, "alev" para a categoría alevín... e "abso" para a absoluta. Exemplos: 10_200b_mas_abso.pdf -> proba dez, 200 metros braza, masculino absoluto. 45_4x200l_fem_juni.pdf -> proba corenta e cinco catro por 200 libre feminino categoría júnior.

Ano: no caso de que na competición participe máis dunha idade para a mesma categoría, indicáremolo co número de idade seguido dunha "a" por exemplo 10a -> dez anos, 14a -> catorce anos... antes da idade poremos un guión baixo ex. 04_400m_fem_16a.pdf -> proba catro, catrocentos metros bolboreta, feminino 16 anos.

Casos raros: Se nunha competición participasen máis dunha categoría e estas se separasen por idades indicariámolo do seguinte xeito: 02_50e_fem_alev_11a.pdf -> proba dúas 50 costas feminino categoría alevín

idade 11 anos, 03_50e_mas_alev_12a.pdf -> proba tres 50 costas masculino categoría alevín idade 12 anos.

Exemplos:

1 categoría	2 categorías	1 cat 2 idades	1 cat 2 idades	1 cat + 1 cat con 2 idades
01_100e_mas.pdf	10_4x50m_mas_alev.pdf	21_200e_fem_10a.pdf	03_25l_mas_8a.pdf	06_200e_fem_abso.pdf
02_100e_fem.pdf	11_4x50m_fem_alev.pdf	22_100l_mas_11a.pdf	04_25l_mas_9a.pdf	07_400l_mas_juni_15a.pdf
03_200l_mas.pdf	12_4x50m_mas_benx.pdf	23_100l_fem_11a.pdf	05_25m_fem_8a.pdf	09_200b_mas_juni_16a.pdf